

Curso “Fundamentos de Diálogos Abertos en Saúde Mental”

DOCENTES

Sofía Cálceña, Cecília Cruz Villares, Jordi Marfá Vallverdú (080809763), Nadia Nugent Aragón (282863222), Casilda Oujo Fernández (G-3540), Silvia Parrabera García, Trini Pérez Palma (C-8393) e Jaakko Seikkula.

ORGANIZA

Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial e Psicoloxía de Galicia.

COORDINAN

Jose Berdullas Barreiro (G-3231), Paula Marcos Carregal (G-5704) e Casilda Oujo Fernández (G-3540).

DURACIÓN

132 horas.

DATAS

Do 25 de outubro de 2024 ata o 14 de xuño de 2025.

MODALIDADE

Módulos presenciais e online.

PRAZAS

30.

PREZOS

Psicólogos/as colexiados/as.....1.700€

- Momento de inscrición: 900€
- Novembro: 400€
- Marzo: 400€

En trámite a solicitude de acreditación como actividade de formación continuada do Sistema Nacional de Saúde



Curso “Fundamentos de Diálogos Abertos en Saúde Mental”

PROGRAMA

MÓDULO 1. Introducción. (Presencial)

25 e 26 de outubro e 15 e 16 de novembro de 2024.

Venres, de 16:30 a 20:30 horas e sábados, de 09:30 a 13:30 horas e de 15:00 a 17:00 horas.

Docentes: Cecília Cruz Villares e Casilda Oujo Fernández (G-3540).

- Presentacións.
- Informacións sobre o programa formativo.
- Introducción a Diálogos Abertos. Historia e desenvolvementos.
- Os 7 principios fundamentais.
- Experiencias próximas ao noso contexto.

MÓDULO 2. Habilidades dialóxicas. (Presencial)

10 e 11 de xaneiro e 24 e 25 de xaneiro de 2025.

Venres, de 16:30 a 20:30 horas e sábados, de 09:30 a 13:30 horas e de 15:00 a 17:00 horas.

Docentes: Silvia Parrabera García e Nadia Nugent Aragón.

- Habilidades dialóxicas das facilitadoras de reunións en rede.
- Diálogo reflexivo.
- Horizontalidade das diferentes disciplinas en colaboración nunha reunión dialóxica.
- A implementación do marco de Diálogos Abertos no sistema público de saúde español.

MÓDULO 3. Familia de orixe do terapeuta. (Online)

7 e 8 de febreiro e 14 e 15 de febreiro de 2025.

Venres, de 16:30 a 20:30 horas e sábados, de 09:30 a 13:30 horas e de 15:00 a 17:00 horas.

Docentes: Cecília Cruz Villares, Nadia Nugent Aragón, Silvia Parrabera García e Trini Pérez Palma.

- En grupos de 8 persoas, cada participante fará unha tarefa de reflexión sobre os recursos do contexto onde cada unha naceu e medrou en relación co seu rol como terapeuta. As demais participantes e docentes de cada grupo, acompañarán en cada sesión como equipo reflexivo.

MÓDULO 4. Psicose, investigación e “embodiment”. (Presencial)

27, 28 e 29 de marzo de 2025.

Xoves, venres e sábado de 09:30 a 13:30 horas e de 15:00 a 17:00 horas.

Docentes: Jaakko Seikkula e Sofía Cálceña.

- Como entender a psicose ou outros padecementos psíquicos graves dende Diálogos Abertos.
- 40 anos de investigación sobre as prácticas de Diálogos Abertos.
- “Embodiment”. A mente relacional.
- Sesión ou supervisión en vivo.



Curso “Fundamentos de Diálogos Abertos en Saúde Mental”

MÓDULO 5. Supervisión/Intervisión. (Online)

21, 22 e 23 de maio e 4 e 5 de xuño de 2025.

De 16:00 a 20:00 horas.

Docentes: Sofía Cálvena, Jordi Marfà Vallverdú, Silvia Parrabera García e Nadia Nugent Aragón.

- Formaremos 3 grupos de 10 persoas, no que cada participante presentará unha reunión dialóxica, expoñendo o seu dilema e o grupo de compañeiras e as supervisoras actuarán de equipo reflexivo.

MÓDULO TRANSVERSAL. (30 horas)

Inclúe as lecturas, o estudo, as prácticas dialóxicas no noso contexto particular e as reflexións recollidas ao respecto.

ÚLTIMO ENCONTRO. (Presencial)

14 de xuño de 2025.

De 09:30 a 13:30 horas.

Docentes: Casilda Oujo Fernández e Cecília Cruz Villares/Silvia Parrabera García.

- Reflexións sobre a utilidade desta formación e sobre as adaptacións ao noso contexto.
- Perspectivas de futuro.

OBXECTIVOS

O obxectivo xeral é profundar en Diálogos Abertos como filosofía e instrumento que facilita o acompañamento ás persoas con sufrimento psíquico, e ás súas redes afectivas e sociais, de cara a axudalas no seu proceso de recuperación.

Este obxectivo xeral concéntrase nos seguintes obxectivos específicos:

- Coñecer as orixes e a historia dos Diálogos Abertos, para entender o seu xurdimento como práctica e as necesidades ás que pretende responder.
- Familiarizarse cos principios básicos subxacentes que deben guiar toda intervención dende este modelo, independentemente do contexto no que se aplique.
- Desenvolver as habilidades precisas para facilitar reunións dialóxicas.
- Achegarse a unha visión, non patoloxizadora, das dificultades e dos problemas e trastornos mentais, que posibilite unha alternativa terapéutica baseada na escoita, no encontro horizontal, no traballo comunitario e colaborativo.



Curso “Fundamentos de Diálogos Abertos en Saúde Mental”


- Descubrir as súas posibles utilidades na abordaxe do tratamento de crises graves de saúde mental nas familias ou entornos, especialmente nas crises psicóticas.
- Promover un achegamento experiencial dos participantes a este modelo, a través da participación activa nos grupos que se irán xerando.
- Coñecer experiencias de Diálogos Abertos realizadas en diferentes contextos e lugares do mundo que poidan servir de referentes para o desenvolvemento de novos grupos e/ou ámbitos de traballo.
- Potenciar a importancia do traballo en equipo, interdisciplinar, comunitario, coa persoa como centro e dende unha abordaxe centrada en dereitos e na promoción da capacidade de decisión sobre a propia existencia.
- Servir de espazo de encontro para os profesionais, creando unha oportunidade para a construción de redes de traballo, de reflexión e acción, abrindo a posibilidade de continuar profundizando conxuntamente nos Diálogos Abertos.

METODOLOXÍA

A través de encontros grupais presenciais, adentrarémonos na práctica dos Diálogos Abertos nunha dobre vertente, onde as diferentes docentes, ao longo de todos os encontros, exporán inicialmente aspectos teóricos importantes dos fundamentos dos Diálogos Abertos; asemade, viviremos, a través da práctica dialóxica en primeira persoa, as implicacións disto, construíndo e reflexionando entre todas sobre os obxectivos e o desenvolvemento dos contidos asignados a cada módulo.

Realizaranse tamén encontros online, onde cada integrante, a través do traballo en grupos pequenos, realizará un exercicio de análise da familia de orixe do terapeuta, experimentando o significado de acompañar e de formar parte dun equipo reflexivo. Ofrecerase tamén a oportunidade de revisar a nosa propia práctica profesional a través da supervisión e intervisión de casos clínicos, acompañadas por expertas.

Transversalmente, iremos despregando un espazo de traballo máis persoal e individual, no que poder reflexionar sobre as nosas vicisitudes e ir integrando as nosas novas experiencias dialóxicas e colaborativas, acompañadas das referencias bibliográficas máis pertinentes.



Curso “Fundamentos de Diálogos Abertos en Saúde Mental”

DOCENTES

SOFÍA CÁLCENA

Psicóloga Clínica. Formada en Terapia Familiar Sistémica e Psicodrama. Formación e experiencia en Prácticas Colaborativas e Dialóxicas. Longa experiencia como psicoterapeuta no acompañamento de procesos individuais, de parellas e familias. Estivo vinculada en proxectos sociais relacionados coa infancia, adolescencia e as familias. Co-autora do libro “A adopción, un acto de amor e de dereitos”, co apoio de Global Infancia e a Cruz Vermella de Suíza. Na actualidade é formadora de Diálogos Abertos a nivel internacional (Argentina, Paraguai, Chile, Brasil, México, Canadá, Francia e España).

CECÍLIA CRUZ VILLARES

Terapeuta ocupacional pola Universidade de Sao Paulo. Terapeuta familiar. Formadora certificada na abordaxe de Diálogos Abertos (Nova York). Dirixe o Instituto Noos (Brasil) coordinando actividades clínicas e formativas en abordaxes dialóxicas. Experiencia no acompañamento e tratamento de adultos e as súas familias en momentos de crise e hospitalización. Actualmente, coordina varios cursos de formación en Diálogos Abertos en diversos países de Latinoamérica e tamén en Francia, Portugal e España. Adicada á investigación, planificación e aplicación de estratexias de capacitación para familias e persoas afectadas por problemas graves de Saúde Mental, con máis de 50 publicacións.

JORDI MARFÀ VALLVERDÚ (080809763)

Psiquiatra e psicanalista. Certificado Internacional en Diálogos Abertos e Prácticas Dialóxicas (Barcelona e Río de la Plata). Desenvolveu o seu traballo no sector público, onde acompañou a través das prácticas dialóxicas a persoas e as súas familias en crises graves de Saúde Mental, dende o Centro de Saúde Mental de Badalona 2, onde foi coordinador de 1995 a 2021. Formación e experiencia como docente en condución de grupos e familias, así como no Máster de Saúde Mental Comunitaria da UB e no Posgrao de Saúde Mental Colectiva da URV. Tamén formador en cursos de expertos universitarios da Práctica Dialóxica en Saúde Mental e en múltiples xornadas, dando difusión ás prácticas de Diálogos Abertos.

NADIA NUGENT ARAGÓN (282863222)

Psiquiatra. Formación en emerxencias en Saúde Mental e Terapia Analítica Grupal. Certificado Internacional en Diálogos Abertos (Londres), con formación como terapeuta familiar e de redes. Facilitou diversos encontros e talleres de corte grupoanalítico, de desenvolvemento persoal e efectividade, grupos multifamiliares e grupos psicoterapéuticos en varios países. Nos últimos anos, desenvolve o seu traballo en Hospitais de Día, acompañando en crises graves de saúde mental á infancia/adolescencia e as súas familias. Experiencia como docente e divulgadora na práctica de Diálogos Abertos.



Curso “Fundamentos de Diálogos Abertos en Saúde Mental”

CASILDA OUJO FERNÁNDEZ (G-3540)

Psicóloga Clínica. Máster en Terapia Familiar Sistémica con formación e experiencia en psicoterapia de grupos de orientación psicodinámica, profundizando na práctica de Diálogos Abertos e Prácticas Dialóxicas nos últimos anos. En 2023, presentou a súa tese doutoral titulada: “Da Psicanálise Multifamiliar a Diálogos Abertos: Unha Experiencia de Aplicación nun Servizo Público de Saúde”. Experiencia como docente en seminarios formativos, tanto para residentes como para outros profesionais da rede de Saúde Mental, axudándoos a introducirse na práctica dos Diálogos Abertos.

SILVIA PARRABERA GARCÍA

Psicóloga Clínica. Formación en Fundamentos da Psicanálise, así como en Terapia Familiar Sistémica. Acreditación como Psicoterapeuta, e experta en Intervencións sistémicas e de familia. Experta en Diálogos Abertos (Londres). Antiga coordinadora e actual supervisora da Unidade de Atención Temperá para a atención a persoas con primeiros episodios de psicose e as súas redes socio familiares no Hospital Príncipe de Asturias, en Madrid. Facilitadora de reunións de Diálogos Abertos para familias. Amplo desenvolvemento na dirección, organización e docencia do Máster sobre Diálogos Abertos en Saúde Mental e múltiples cursos e formacións. Na actualidade adícase exclusivamente á docencia.

TRINI PÉREZ PALMA (C-8393)

Psicóloga Clínica. Formación e experiencia en psicoterapia psicoanalítica e psicoterapia de grupos e familias. Certificado Internacional en Diálogos Abertos e Prácticas dialóxicas (Barcelona e Río de la Plata). Larga experiencia como psicóloga clínica no ámbito público de primeira infancia e xuvenil. Dende 2019 traballa nun Centro de Saúde Mental de Adultos público, no que emprega o enfoque de Diálogos Abertos no tratamento de persoas e familias con grave sufrimento psíquico. Formadora invitada en másters, xornadas e congresos para falar de Diálogos Abertos colaborativamente cos seus compañeiros.

JAAKKO SEIKKULA

Psicólogo clínico. Profesor emérito de Psicoterapia na Universidade Jyväskylä, Finlandia. Desenvolve a súa carreira profesional cun enfoque no que integra a experiencia clínica e a investigación. Forma parte do equipo fundador do marco de Diálogos Abertos, creado na década do 1980, como sistema de organización e acompañamento na Saúde Mental, estudando a importancia do diálogo como elemento básico da vida humana e da creación da mente relacional. É conferenciante a nivel internacional e ten unha ampla carreira investigadora, con máis de 200 artigos.



Curso “Fundamentos de Diálogos Abertos en Saúde Mental”

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respectarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das horas tатаis do curso.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais.

Último día de inscrición: 15 de xullo de 2024.